

3/2020. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 26 FEBREIRO DE 2020.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 26 de febreiro do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 29.01.2020 (2/2020).

Sr. Alcalde (que traducido di): O primeiro punto da orde do día é a aprobación da acta da sesión anterior realizada o 29.01.2020. ¿Algo sobre a acta?. Nada, pois pasamos a votación. Votos a favor, abstencións.

O Pleno da Corporación, por 11 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 2 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG) e coa abstención dos concelleiros D. Iván Martínez González e D. Genaro Prieto Iglesias, por non ter asistido á sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 29.01.2020 (2/2020).

2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º. 2/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao segundo punto, que é o expediente de modificación de crédito número 2/2020. Bueno, ten a palabra o concelleiro de facenda.

Sr. Mahía Prados: Boas tardes, Alcalde, concelleiros, veciños. E... bueno, esta modificación de crédito que ven hoxe a comisión... ven ditaminado por ela, e conta co informe de intervención correspondente. E trátase dun expediente de modificación de crédito que engloba as horas extras pendentes de aboar á Policía Local, do ano 2019, material deportivo, o pago... e unha modificación orzamentaria de... para pagos de certificacións de obra e adquisición dun... dunhas librerías modulables para o arquivo que é un... bueno, unha necesidade que temos de... para a organización dentro do Concello.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un turno de intervencións, ¿palabras?. Vale, pois e... pois e... José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Hola, boas tardes. Bueno, nós imos a apoiar este expediente de modificación, pero si que queríamos mencionar que non... non nos gusta que se faga deste xeito. En principio entendemos que é necesario facer modificacións de crédito para cousas que sexan exclusivamente necesarias, como é o caso, pois non sei, as horas extras ou as débedas cos provedores; pero entendemos que hai unha parte que se meteu, como pode ser o material deportivo ou as librerías do arquivo que non deberían de vir nesta modificación de crédito. Imos ter uns orzamentos xa... supoño, que así debería de ser, cando menos, en breve, e polo tanto pois aí si que se deberían de incluír estes gastos. En todo caso nos gustaría que si ten que haber algunha modificación de crédito que sexa exclusivamente para o que haxa que modificar e que viñera unicamente iso reflectido na moción... na modificación. E estas cousas, que son pois gasto corrente, digamos, que sería... o material deportivo supoño que haberá unha partida para repoñer o material deportivo, e o arquivo pois é un investimento; entendo que si se quere facer un investimento neste ano pois o poden incluír perfectamente nos orzamentos. Entón iso é o que quería comentar, nada máis.

Sr. Alcalde: Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, boas tardes a todos e a todas. Nós imos anunciar o cambio do sentido do voto manifestado na comisión. Na comisión nos abstivemos, dado que só viñan os conceptos da modificación de crédito, e non a documentación que a sustentaba. Unha vez subsanado isto, e queremos agradecer a resposta do Alcalde tra-la conversación con el, o noso voto vai a ser favorable. E dúas cuestións, nada máis, no tema do arquivo, bueno e... lamentamos que no ano 2019, cando se solicitou en función deste orzamento e doutro orzamento da mesma empresa non obtivera a subvención necesaria para poder facerse naquel momento, pero entendemos que é fundamental para o desenvolvemento do arquivo, baseado nos informes dos técnicos. E despois, en canto ás horas extras da Policía Local, o que queremos deixar claro é o noso sentido do voto, que é a habilitación do crédito, para o pago das 80 horas que segundo o artigo 16 do acordo regulador do persoal funcionario son as máximas que se poden aboar. En todo caso, como é habilitación do crédito o noso voto vai a ser favorable no día de hoxe, a diferenza do mantido na comisión de facenda.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, e... bueno, se queredes abrimos un turno máis, senón pois... non queredes... Pois entón pasamos a votar. Votos a favor, abstencións.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 2/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta proposta formulada pola alcaldía en data 31.01.2020, o informe da interventora municipal de data 31.01.2020, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 05.02.2020, por 12 votos a favor (5 PP, 4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), **ACORDA:**

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 02/2020**, de crédito extraordinario, financiado con cargo a anulacións ou baixas de outras partidas, por importe de **63.681,82 euros**, de acordo co seguinte esquema:

1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	132.15100	Horas extra policía local ano 2019	6.600,00 €
	3322.62500	Adquisición de librerías móbiles para o arquivo municipal.	23.000,00 €
	341.62900	Adquisición material escolas deportivas	800,00 €
	933.62200	Certificacións de obra nº3, nº4 e liquidación obra proxecto de consolidación e desescombros do edificio Cine Zárate.	33.281,82 €

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 63.681,82 €

2º FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

- A) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **0 €**.
- B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente **0 €**.
- C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor , cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **63.681,82 €**.

Prox.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente (€)	Cantidade a anular ou minorar (€)	Consignación resultante (€)	Explicación da baixa na consignación
	132.20200	11.000,00	11.000,00	0	A Garda Civil se trasladou a ubicación actual en maio de 2019 polo que xa non ten

					alugado o local en O Corzas.
	1532.61900	40.000,00	33.281,82	6.718,18	Non está prevista a execución de este gasto no orzamento prorrogado.
	312.22100	8.000,00	4.607,44	3.392,56	O Concello non terá ningún gasto derivado do centro de Saúde posto que foi asumido pola CCAA.
	920.22700	6.792,56	4.000,00	2.792,56	Non se prevé contratar ningún servizo de limpeza para a Casa do Concello posto que esa labor e realizada por persoal propio.
	920.22700	2.792,56	800,00	1.992,56	Non se prevé contratar ningún servizo de limpeza para a Casa do Concello posto que esa labor e realizada por persoal propio.
	920.22700	1.992,56	1.992,56	0,00	Non se prevé contratar ningún servizo de limpeza para a Casa do Concello posto que esa labor e realizada por persoal propio.
	924.22799	8.000,00	8.000,00	0,00	Non está prevista a execución de este gasto no orzamento prorrogado.

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2º.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

3.- DELEGACIÓN NA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DAS COMPETENCIAS RELATIVAS Á CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto terceiro, delegación na administración da Comunidade Autónoma das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento do proceso selectivo para o acceso ás prazas de auxiliares de Policía Local. Bueno, ten a palabra o delegado da área.

Sr. Mahía Prados: Grazas. Bueno, referente a este punto o que se procede é a delegar na Xunta a contratación dos auxiliares de Policía Local. O Concello de Mugardos xa ten delegado o que é a contratación dos oficiais de Policía Local, de feito hoxe mesmo se nos notificou... quero aproveitar este turno para informarlle aos concelleiros de que xa temos outro Policía máis, xa pasou as probas, e comezará en principio en xuño en prácticas, e logo se incorporará de forma definitiva en decembro. E o que fai este convenio, o que fai é permitirnos liberar carga de traballo de aquí, do Concello, ao ser a Xunta a que fai as probas, a que fai o proceso selectivo, e nós como entidade local o único que teríamos que facer sería solicitar os auxiliares.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois se abre un primeiro turno, palabras. José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Ah, si, nós tamén... como xa aprobamos na comisión, o adherirnos a esta... a este acordo, o que si queremos facer un pouco fincapé no feito de que é moi importante que se contrate o antes posible cando menos un auxiliar, ademais, bueno, como nos acaba de informar agora Mahía, que ata xuño non ía a haber... non ía a entrar o novo Policía, pois creo que sería importante pois na época de verán... principio do verán, Semana Santa, que estivésemos cubertos. Non sei si sería posible xa con este acordo coa Xunta que e... comezase a traballar o antes posible, máis que nada porque no servizo están só dous, e bueno, creo que é deficiente.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, moitas grazas. E... un segundo turno. Nada, bueno, pois entón pasamos a votar. Votos a favor, abstencións.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, tendo en conta o informe emitido polo secretario da corporación en data 20.01.2020, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 19.02.2020, por 12 votos a favor (5 PP, 4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), e polo tanto, co quórum da maioría absoluta legal dos membros da Corporación (art. 47.2 letra h.) da Lei 7/1985), **ACORDA:**

1.- Delegar na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xusticia da Xunta de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento do proceso selectivo para o acceso ás prazas de auxiliar de policía local.

2.- Prestar aprobación ao “Convenio tipo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de auxiliares de policía local ou as prazas de vixiantes municipais”, a través do que se instrumentará a presente delegación.

3.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do citado convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a execución do presente acordo.

4.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 9.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4.- PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020 (R.D. 616/2017): SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS.

Tras deliberación, sométese a votación a proposta formulada pola Alcaldía en data 18.02.2020, obrante no expediente, e que copiada literalmente di:

“Visto o escrito do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) con número de Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Mugar dos 20200000000805 de data 14/02/2020, de requirimento de subsanación en relación coa solicitude de axuda, efectuada polo Concello de Mugar dos, ao proxecto “ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE MUGARDOS”, correspondente á convocatoria do programa de axudas, cuxas bases foron aprobadas polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecimiento sostible 2014-2020, proponse ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

1.- Prestar aprobación á participación e aceptación expresa do procedemento regulado polo Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño

2.- En el presupuesto del ejercicio 2020, prorrogado de 2017, existe crédito adecuado y suficiente en la aplicación 165.61900, o en su caso a nivel de vinculación, por un importe de 48.852,30 euros, para llevar a cabo el proyecto de actuaciones de ahorro energético en los alumbrados públicos del Concello de Mugar dos, e adquirir o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar o proxecto ata a cuantía de 244.261, 49 € para o caso en que o mesmo resulte seleccionado nesta convocatoria.

3.- Prestar aprobación á Memoria descriptiva “Actuaciones de ahorro energético en los alumbrados públicos del Concello de Mugar dos ” asinada polo alcalde Juan Domingo De

Deus Fonticoba, por importe de douscentos corenta e catro mil douscentos sesenta e un euros con corenta e nove céntimos (244261,49 €).”

E o Pleno da Corporación, tendo en conta os informes emitidos pola interventora municipal en datas 17.01.2020 e 25.02.2020, obrantes no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de obras, servizos e medio ambiente realizada en data 20.02.2020, por 12 votos a favor (5 PP, 4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía de data 18.02.2020, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos ao punto cuarto. Programa de axudas a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020 e subsanación de deficiencias. Bueno, ten a palabra e... Jorge.

Sr. Kuntz Peiteado: Bueno, dicir neste punto que se presentou a solicitude pero había un par de deficiencias tales como eran a... que tiña que haber un acordo plenario votado a favor. E dicir que ven ditaminado favorablemente de comisión, ¿vale?. Grazas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un turno, ¿palabras?. Pilar.

Sra. Díaz Otero: Bueno, pois un pouquiño igual que no outro, vamos a anunciar polo mesmo motivo o noso cambio de sentido de voto; o noso sentido do voto vai a ser favorable, e vai a ser favorable, porque xa é un proxecto que estaba contratado dende outubro do ano 2019 e... bueno, o dixen un pouco antes, o expediente estaba incompleto na comisión de obras, ese foi o motivo da nosa abstención, unha que o expediente, aínda que se completou na súa totalidade a posteriori de estar convocado o Pleno, vamos a votar favorablemente, porque ademais o prazo remata nestes días para poder presentar ao IDAE a subsanación das deficiencias requiridas. En todo caso, nos gustaría aproveitar, dado que o mesmo que redactou este proxecto tiña unha memoria valorativa dos cadros correspondentes a Franza, que se puidera seguir neste camiño iniciado co que se está a executar nestes momentos, que xa foi adxudicado en decembro de 2019; que teñamos a posibilidade de que o IDAE conceda favorablemente esta subvención e poidamos presentar o correspondente aos cadros de Franza. En todo caso o noso voto vai a ser favorable.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... ¿algunha cuestión máis?. Abrimos outro turno... nada. Bueno, pois entón pasamos a votar. Votos a favor, abstencións.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE O FINANCIAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Sr. Alcalde: Ben, pois pasamos ao punto quinto, moción do Grupo Municipal do PSOE sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de axuda no fogar. Ten a palabra o poñente da moción.

Sr. Martínez Bardanca: Presentamos esta moción para instar á Xunta de Galicia a que... e ao Goberno do Estado, a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación de A Coruña. Tamén instando á Xunta de Galicia a negociar e aprobar nos... cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... abrimo un turno si queredes. ¿Palabras?. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, boa tarde a todos e a todas. Nós, bueno, dicir que en principio imos votar a favor desta moción, aínda que é certo que tampouco incide en tódolos aspectos en que debería sobre o servizo de axuda no fogar, no relativo á Xunta de Galicia e ao Estado. E vamos a votar porque entendemos que o servizo de axuda no fogar é un servizo social básico e público, e que está regulado no Decreto 99/2012, que é o que regula tamén o seu financiamento, e que nos concellos de menos de 20.000 habitantes só financia ás traballadoras e aos traballadores sociais, concellos que, por certo, son a maioría dos concellos de Galicia. Ademais estas axudas xa foron recortadas no ano 2010, 2011 e 2012, e isto obriga aos concellos e aos usuarios e usuarias, no mellor dos casos, a ter que pagar máis por eses servizos, e no peor deles, a que este servizo desapareza, e queden tan só as persoas dependentes con prestación asignada no PIA. E tamén temos que salientar que este SAF básico ou de libre concorrencia é ao que teñen que recurrir moitas das persoas con problemas, como é o caso das persoas con situacións de enfermidade aguda despois dunha alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valorada ou persoas con dependencia valorada pero que non teñen acceso por estar en lista de espera. E digo que por iso vamos a votar a favor desta moción porque entendemos que a Xunta de Galicia debe asumir as súas competencias e garantir un servizo acorde coas necesidades da poboación a través dunha maior participación económica neste servizo.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... ábrese un segundo turno, ¿queredes?. Senón pasamos a votar. Queres pechar a... a...

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Non, simplemente, bueno, pois engadir iso, que o que se solicita é que se poida pois abonar ata a cantidade que actualmente esta custando o servizo, a hora do servizo, que agora mesmo pois se está pagando entre 16 euros e 23 euros a hora, e que o que se pide é un financiamento por parte da Xunta de ata 12 euros a hora, que sería pois para cubrir o servizo e poder melloralo e atendelo correctamente.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois pasamos á votación entón. Votos a favor, abstencións, votos en contra... nada, xa está.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do PSOE sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de axuda no fogar, e o Pleno da Corporación, por 4 votos a favor (3 PSOE, 1 BNG) e 9 abstencións (5 PP, 4 EU-SON EN COMÚN), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación de A Coruña.

2.- Instar á Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

Sr. Alcalde: ¿Perdón?.

Sr. Martínez González: Queremos facer unha.... bueno, boas tardes a todos e a todas, queríamos facer unha explicación do voto...

Sr. Alcalde: Ah... vale, vale.

Sr. Martínez González: E o noso grupo abstívose na votación desta moción, xa que logo de que foi rexistrada o día 21 de xaneiro, houbo unha convocatoria electoral por parte da administración á que fundamentalmente vai dirixida a mesma.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN SOBRE A ELABORACIÓN DOS DOCUMENTOS NECESARIOS PARA SOLICITAR A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL PARA A FESTA DO POLBO.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida-SON En Común sobre a elaboración dos documentos necesarios para solicitar a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional para a Festa do Polbo, producíndose o seguinte resultado: 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), efectuándose unha nova votación, á vista do empate producido, obtense o mesmo resultado, 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acordando, en consecuencia, o Concello Pleno, co voto de calidade do sr. Alcalde, rexeitar a aprobación da devandita moción.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos ao punto seguinte. Punto sexto, moción do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común sobre a elaboración dos documentos necesarios para solicitar a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional para a Festa do Polbo. Bueno, ten a palabra a poñente da moción.

Sra. González Lorenzo: Como xa coñecedes todos e coñece todo o mundo, fóronse dando pasos durante todos estes anos para acadar unha maior calidade na Festa do Polbo, para promocionala, porque tamén é unha festa que non só leva o nome de Mugardos polo mundo senón que fai que se coñeza e que desestacionaliza, unha palabra longa, a atracción do turismo en Mugardos, algo moi importante, porque segue chegando durante todo o ano, non só o día da Festa ou durante a época de festas, xente aquí. O ano pasado, logo da publicación do Decreto para a declaración das festas de interese turístico nacional, que sufriu unha modificación, e logo das entrevistas mantidas coa Directora Xeral de Turismo e co Vicepresidente da Deputación, responsable de turismo tamén, e da boa acollida por parte deles e colaboración posta tamén á nosa disposición pola súa parte, iniciouse un expediente para acadar este recoñecemento e iniciáronse os traballos, como son a recopilación de impactos en prensa nacional, a promoción en eventos turísticos e gastronómicos, á adecuación da páxina web como recolle tamén o Real Decreto, do facebook da... propio da Festa, cartaz, música e demais. E por iso que presentamos esta moción para instar ao goberno municipal a elaborar os documentos necesarios para solicitar a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional para a Festa do Polbo.

Sr. Alcalde (que traducido di): Moi ben, pois abrimos un turno de intervencións. ¿Palabras?. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, é certo, como ben dixo a concelleira de Esquerda Unida, que é a que presenta esta moción, que dende o ano 1999, que é o ano en que o Concello decide aprobar ou participar na Festa do Polbo, esta non fixo máis que crecer e mellorar, ata chegar a acadar no ano 2009 a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia. E isto o que fixo é converter esta Festa nun pilar fundamental da economía do noso Concello. E por iso entendemos que a búsqueda da declaración desta Festa como Festa de Interese Turístico Nacional o que vai a facer, é non tan só que esta Festa mellore e vaia a máis, senón tamén que vaian a mellorar a economía e o turismo do noso Concello. Por iso imos a votar a favor da moción.

Sr. Alcalde: José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, nós neste caso pois non temos moi claro exactamente si estamos en condicións de entrar nesa categoría, da Festa do Polbo. Nós si que efectivamente entendemos que todo o esforzo que se faga para mellorar a Festa e para mellorar o pobo en verán, etc, é importante, pero bueno, estábamos revisando un pouco máis ou menos o que son as estatísticas deste ano... deste ano pasado, e cremos que temos algunhas

deficiencias que deberíamos de mirar, non sei si antes ou durante a solicitude desta Festa. Temos por exemplo en... é unha estatística ¿eh?, a nivel nacional, do Consello Nacional de Economistas, no cal pois para o Concello de Mugardos, hoteis, moteis, cero, hostalería e pensións, cero, fondas e casas de hóspedes, cero. Creo que ista... que isto, ademais sabendo que neste pobo intentouse abrir algún tipo de establecemento deste tipo e non sei os motivos, agora mesmo, a verdade, pero non se abriu durante este periodo, e cremos que isto, xunto coas comunicacións no pobo, que necesitan tamén unha mellora, nós o indicabamos xa bueno pois dende que comezamos aquí a lexislatura, fan falla zonas de aparcadoiro, fai falla regular o tráfico no pobo, creo que é importante. Tamén o que veíamos, que bueno, agora parece que comezamos outra vez a recuperar, tiñamos unha deficiencia na Policía Local, que tamén é a seguridade do pobo nesas... nesas datas con esa cantidade de xente que ven. E non sabemos moi ben o alcance por outro lado, non sabemos efectivamente si economicamente isto é sostible para o pobo, e non sabemos isto entre outras cousas porque nunca se sabe aquí, exactamente, cal é o importe que se gasta nas festas, sería bo ter ese dato ¿non?. Saber canto se gasta, por exemplo o ano pasado, ou canto se gastou o ano anterior, para poder calcular cal sería o gasto da Festa si pasase a ser unha Festa de carácter e... de Interese Turístico Nacional. Entón por ese motivo pois imos a reservar o voto, se non temos máis información pois imos a absternos nesta... nesta votación.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Grazas Alcalde. Bueno, nós en primeiro lugar, e para que conste en acta, nós non estamos en contra da declaración de turismo a nivel nacional, iso o primeiro. Pero creo que o problema, tal e como dixó o voceiro do PSOE, é que o tema está verde. É a forma de pensar que ten o goberno. ¿Por que?. Primeiro porque cremos que a Festa do Polbo, que é o buque insignia de Mugardos, porque é polo que se nos coñece, ten que ter unha volta e non pode ser o que se convertiu nos últimos anos, que foi un botellón ás dúas da tarde, con sitios masificados sen que as familias puideran pois disfrutar do día, ten que ser un espazo de ocio para todos. Entón iso por unha banda. Por outra, consultada a empresa que se contratou para... polo anterior goberno, que presenta a moción, consultada a propia empresa, se lle fixo unha pregunta e foi ¿cal é o retorno que ten isto para Mugardos máis aló da pegatina de turismo a nivel nacional?, e a empresa foi franca, ningún, máis ala da... non hai nin subvencións para mellorar as infraestruturas, non hai ningún tipo de axudas para... para facelo, entón o retorno que hai para instaurar esta festa en Mugardos é nulo. As inversións previas, creo que temos que facer moitas inversións previas, creo que temos que mellorar os accesos ao peirao polas Casas Baratas, creo que todos... que aquí creo que por tódolos grupos hai unanimidade neste sentido; creo que temos que apoiar que exista unha oferta hotelera; creo que o Concello, non só o goberno, ten que explorar cambios no urbanismo pois para habilitar parkings, para habilitar diferentes infraestruturas que nos faltan. Como ben dixó o voceiro do BNG ¿non?, que cada... ano a ano dende que se fixo a Festa e... a Festa non fixo outra cousa que medrar, pero Mugardos non fixo o mesmo, Mugardos ten os mesmos servizos e as mesmas zonas de aparcamento que fai 20 anos, e cada vez temos máis xente, de feito se están metendo bus lanzadeira na Pedreira, etc... Entón antes de comezar e dicir pois Festa de Interese Turístico a Nivel Nacional, penso que debemos abordar como queremos que sexa o Mugardos dun futuro para que se poida ter unha Festa de Interese Turístico a Nivel Nacional con tódalas garantías. E... a capacidade é a

que é, creo que todos o sabemos, temos problemas de masificacións, problemas de falla de aparcamento, problemas de falla de ocupación hoteleira, temos falla de servizos... entón, nós a nosa proposta que facemos, que foi un pouco tamén o que falamos con esa empresa ¿non?, que foi a que tamén nos estivo asesorando a nós, igual que asesorou aos que poñen hoxe aquí... a moción enriba da mesa, foi pois un pouco neste sentido dicir pois que é certo que hai que dotar a Mugardos dunha serie de melloras antes. Entón nós temos unha emenda para esta moción, que consistiría en instar ao goberno municipal en a elaboración dun Plan Rector para facer de Mugardos e... teña esa Festa de Interese Turístico a Nivel Nacional, é dicir, que se comece a elaborar o Mugardos que queremos, que é todo o que hai que cambiar, que cales son as obras que hai que implementar, cales son todas as cousas que hai que mellorar co gallo de ter o día de... que non pode ser algo de hoxe para mañán, isto hai que traballalo, entón nese sentido si queremos que se faga unha Festa de Interese Turístico a Nivel Nacional con tódalas garantías, cos servizos que Mugardos e os visitantes que veñan a Mugardos o merecen, nós aí nos van a... nos van a atopar.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois... se queredes abrimos un segundo turno. ¿Alguén solicita un segundo turno?. ¿Queres pechar a moción?. Bueno, pois pecha a moción.

Sra. González Lorenzo: E... eu ás veces de verdade que estou un pouco despistada, porque non sei si vivimos a mesma Festa do Polbo en Mugardos, eu non sei outros, pero en positivo, a Festa do Polbo de Mugardos é unha festa concentrada nun só día, ao que se lle dotou de buses lanzadeiras... e a onde acude moitísima xente da contorna que ven precisamente en transporte público e en transporte marítimo, o que non supón un problema porque os que están cerca xa veñen así, a xente de fora queda moi contenta de ter un bus lanzadeira e non ter que meter o coche no pobo. Lembro que o ano pasado a propia Delegación do Goberno pideu que se blindara e que non se aparcara en todo o pobo por temas de seguridade para grandes aglomeracións, e non pasou absolutamente nada, a xente desprazouse igual, houbo xente na Festa durante todo o día, e se disfrutou da Festa, da Festa, da comida, da música e de todo. E... creo que é o que dicía ao principio da moción, e o que di a propia moción, é o impacto que ten a Festa durante todo o ano no pobo de Mugardos, porque se lle coñece pola Festa do Polbo á mugardesa e se lle coñece por iso e a xente se acerca aquí non só o día da Festa, tamén iso. Si temos infraestruturas de hostalería, que por certo, lle salva a Festa, porque da a coñecer o seu bo facer e durante todo o ano se lle acerca xente a probar o polbo á mugardesa nos seus locais de hostalería. Entón imos a seguir pensando en positivo. ¿Que podíamos ter máis cousas?. Si. Que podíamos aproveitar, aproveitar a boa acollida que tivo por parte de... da Secretaría Xeral de Turismo, que lendo o Decreto, que supoño que todos o leríamos o Decreto, non só pide hoteis, pide moitas máis cousas, pero entre elas si cumprimos moitos dos items dos que pide o Decreto e que é de largo recorrido, non unha declaración que se faga dun día para outro, é iniciar ese traballo para acadar esa declaración, que pode levar un ano, pode levar ano e medio ou pode levar máis, pero si aproveitar tódolos traballos e presenza que tivemos en diferentes feiras, incluída... ata en Bilbao, e que valen para acadar este recoñecemento, e non botar pola borda todos eses traballos xa feitos e esa inversión feita. ¿Que podíamos ter máis carreteiras?. Podíamos. ¿Que podíamos ter...?. Podíamos ter moitísimas cousas, o que temos é unha Festa de calidade, Festa do Polbo de Mugardos, coñecida en todas partes, que temos que aproveitar ese tirón, que temos cociñeiros que o levan nas súas receitas e que o levan ata fora de aquí, sen

necesidade de ir como representantes da Festa do Polbo de Mugardos, pero que o levan con orgullo, porque non aproveitar xa esa sinerxia montada entre a poboación, profesionais e a xente que nos visita. Non perdamos esta oportunidade e iniciemos eses traballos, iniciemos eses traballos, que non quere dicir que se acabe e que se acabe xa. Que van a levar o seu tempo, porque haberá moitas cousas que corrixir para conseguir esta declaración. E si hai un retorno, hai un retorno económico, si a Festa é declarada de Interese Turístico Nacional as subvencións ás que se podan optar son de moito maior enxundia que o que temos ata o de agora, e pasamos dos 1.500 euros e tal ata 20.000 euros. Entón si que hai un retorno económico. E logo, con respecto á que custa a Festa do Polbo, home, está pagada, eu penso que quen quera e mire as facturas do que custa o polbo, do que custa a cocción, do que custa tal, e fácil facelo, moi fácil. Vai a custar o mesmo, iso está claro, porque non se vai a deixar de pagar todo iso, o polbo hai que compralo igual, cocer hai que cocelo igual, vai custar o mesmo. Aproveitemos agora.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois moi ben. Esgotado xa o turno de... pasamos á votación. Bueno, perdón, antes, previo, si, é verdade, fixo unha proposta o voceiro do Partido Popular referente á emenda que lle realizou, é por si aceptan a emenda ou non a aceptan.

Sr. Mahía Prados: A emenda consistiría en instar ao goberno a elaborar un Plan Rector no que se engloben tódalas accións, tanto de tema de obras, urbanismo e accesibilidade e do que fora necesario, previo a conseguir a declaración de Festa Turística a nivel nacional.

Sra. González Lorenzo: Pois e que... claro, é que unha cousa é elaborar os documentos necesarios para solicitar a declaración...

Sr. Alcalde (que traducido di): Non, non, a ver, a ver. En todo caso, imos ver, eu creo que... o que quere dicir o voceiro do Partido Popular neste caso é, que previo á declaración, a elaborar os documentos necesarios para solicitar esa declaración, que se dote dun Plan Director ou Plan Rector, ou como se queira chamar, no que se configure cales son as infraestruturas básicas para dotar á Festa dunha porcentaxe máis elevada de calidade, obviamente. Eu creo que é iso, non é elaborar o documento en si, de turístico nacional, estamos falando de cousas diferentes, estamos falando de elaborar os documentos para a Festa de interese turístico e aquí se está falando dun Plan Director para encamiñar cara ás infraestruturas e equipamentos que necesita Mugardos para dar á Festa un maior empaque. Creo que é esa a cuestión. ¿Perdón?. Si, claro, un novo punto ¿non?. Un novo punto, si.

Sra. González Lorenzo: Pero... pero complementario... pero iso... cumpriría o primeiro punto tamén. Vale.

Sr. Alcalde (que traducido di): Si, aceptan a emenda ¿non?. Vale... ben, pois entón e... si de tódolos xeitos creo que hai un paso previo ao outro ¿eh?, ímolo a clarear, aquí hai un paso previo ao outro... ah, bueno, pero imos... Non, non ten que ser a mesma, imos ver... eles... o Partido Popular está dicindo que en todo caso se sigan os pasos previos en equipamentos e dotacións do Concello antes de inspirar unha solicitude de... bueno, pois facemos un receso de cinco minutos.

INCIDENCIA.- Faise constar que sendo as 20.00 horas polo señor Alcalde faise un receso na sesión, reanudándose a mesma ás 20.01 horas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, imos ver. Perdoa, en todo caso, imos ver, o receso é para que cada un dos grupos queira falar co grupo que considere, é dicir, ben, eu non... imos ver, eu non regulo esas cuestións nos recesos, cada un falará con quen considere, é dicir, se non quere falar co grupo pois non hai ningún problema pola nosa parte.

Sr. Mahía Prados: Si, para aclarar o que aconteceu durante o receso, o tema foi, por parte doutros voceiros queríanse sumar para explicar a emenda e por parte de Esquerda Unida se dixo que non, que só queren falar co voceiro do PP que é o que presenta a emenda. Eu non teño nada que ocultar, pero entendo que... bueno, pois precisamente, se non hai nada que ocultar e o resto de voceiros se queren sumar eu entendo que igual que se lle explicou a uns se lles pode explicar a todos, porque igual outro... o resto de grupos tamén cambia o seu voto en función desta emenda.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, a ver, en todo caso, é tan lexítima unha posición como a outra, é dicir, se Esquerda Unida considera que quere falar solo co voceiro do PP está no seu dereito; e está no seu dereito o voceiro do PP en non querer falar só con Esquerda Unida, e que quere que os demais grupos participen dese debate. Polo tanto, bueno, o receso acabou, se non chegaron a un punto... non podemos eternizar o debate continuamente. En todo caso e... simplemente pois que decidades ao respecto da emenda que se propuxo, que obviamente é, entendo eu, que é previa á solicitude de interese turístico nacional.

Sra. González Lorenzo: Ben, e... volvo a dicir, eu pensei que todos lérades o Decreto, pero vexo que non, que non leíchedes o Decreto, entón, como o Decreto non esixe todo o que están dicindo, de aí a aclaración do... co portavoz do Partido Popular, ao que lle queríamos aclarar que o Decreto non esixe nada de infraestruturas nin nada diso, non aceptamos a emenda porque non é necesario, e si neste momento podemos aproveitar os impactos e todo o que se leva feito ata o de agora e non perdelos para esa declaración, para esa declaración, por iso dicía o do Decreto, si o lérades todos, non esixe nin carreteras nin nada, esixe cousas concretas da Festa, e esixe cousas concretas de impactos publicitarios, mediáticos, e demais, que xa están conseguidos, que teñen unha caducidade e é unha pena non aproveitar o que xa está feito e eses impactos, e perdelo, e ter que logo empezar de cero. E non nos esixe nin carreteras nin nada, cumprimos todo iso, por iso comentaba o do Decreto. Co cal non aceptamos a emenda porque sería retrasar todo este proceso.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois en todo caso quedou clara a posición, non se acepta a emenda e polo tanto pois temos que votar a moción tal e como está redactada. E... pois imos a pasar a votar. Votos a favor, en contra, abstencións. Temos que repetir a votación entón, hai un empate. Bueno, pois volvemos a votar outra vez, votos a favor da moción, en contra, abstencións. Bueno, pois unha vez repetido o empate, e... decide o voto de calidade do Alcalde que en todo caso di... vai a votar en contra tamén da moción.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG para a mellora da sanidade pública, coa emenda introducida durante o debate pola voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida-SON En Común no presente punto da orde do día, e que foi aceptada polo relator da moción, e o Concello Pleno, por 8 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e 5 votos en contra (5 PP), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Apoiar as distintas mobilizacións convocadas por SOS Sanidade Pública.

SEGUNDO.- Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

TERCEIRO.- Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

CUARTO.- Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

QUINTO.- Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes dadas as características de idade da nosa poboación.

SEXTO.- Acabar coa política de privatización de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

SÉTIMO.- Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

OITAVO.- Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

NOVENO.- Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

DÉCIMO.- Instar á Xunta de Galiza á reposición do servizo de pediatría, de cinco días á semana, no Centro de Saúde de Mugar dos.

UNDÉCIMO.- Instar ou volver a ter unha xuntanza co Xerente da Área para saber en que situación está a substitución ou a reposición da praza de pediatría en Mugar dos.

Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Mugardos á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

DELIBERACIÓN

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pase... pase... seguimos co punto sétimo, que é moción do Grupo Municipal do BNG para a mellora da sanidade pública. Ten a palabra o relator da moción.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, e... o sentido desta moción non é outro que o de tratar de instar á Xunta de Galicia a que rectifique a súa política con respecto á sanidade, xa que o grave deterioro que está a sufrir nestes momentos é un dos temas que máis alarma social está a crear entre a sociedade galega. Para isto non hai máis que botar unha ollada á unanimidade que existe entre os sindicatos, os colexios de profesionais, as plataformas sanitarias e as plataformas de doentes que están a denunciar o grave deterioro que están a provocar estas políticas sanitarias do Partido Popular e as consecuencias tan negativas que estas políticas están a producir, como son a masificación das consultas, os cupos desbordados, a redución dos profesionais e a súa non substitución, e... as listas de espera dunha semana ou de máis para que te atenda o médico de familia, o abandono das consultas por parte dos profesionais durante horas por ter que acudir ás urxencias, cos PAC's ao límite e demais. Por iso entendemos que a corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, debe de traballar conxuntamente para que no noso Concello poidamos dispor dunhos servizos sanitarios públicos e de calidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais. E por estes motivos se solicita ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: Apoiar as distintas mobilizacións convocadas por SOS Sanidade Pública. Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos dos hospitais da nosa área. Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade. Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación. Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes dadas as características de idade da nosa poboación. Acabar coa política de privatización de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario. Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral. Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres. Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade. E instar á Xunta de Galiza á reposición do servizo de pediatría, de cinco días á semana, no Centro de Saúde de Mugardos. E por último, comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Mugardos á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un turno de intervención. ¿Palabras?. José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Nós imos a apoiar esta moción, aínda que bueno, non estamos tampouco de acordo con tódolos termos da mesma, pero si a imos a apoiar porque efectivamente estamos de acordo en que hai unha deficiencia na sanidade pública que o estamos a padecer tamén aquí, non recurte, como nos dixo o... o Xerente da Área de Ferrol, que non é un recurte exactamente, pero se non dispoñemos do servizo de pediatría será por algunha das circunstancias que comentaban e que veñen recollidas na moción. Quero lembrar, ao fio do da pediatría, que non sabemos aínda cantos días ou de que pediatra imos dispoñer en Mugar dos no mes de marzo, aínda que si parece que logo pois do mes de marzo xa se reincorporará a pediatra, bueno, simplemente o comento, e... imos votar a favor. Lola.

Sra. González Lorenzo: Si, a miña intervención era non sei para emendar ou engadir á moción, que como o luns xa se cumpren quince días do prazo dado polo Xerente da Área co que nos xuntamos os voceiros, instar ou volver a ter unha xuntanza co Xerente da Área para saber en que situación está a substitución ou a reposición da praza de pediatría en Mugar dos. Porque dixo que máis ou menos dúas semanas, e todavía, polo menos o Grupo de Esquerda Unida non ten coñecemento do que vai pasar. Entón, reiterarlle unha nova xuntanza para que nos explique como... que vai a acontecer con isto.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, nós non teríamos ningún problema en asumir esa emenda, bueno, emenda de adición, sería. Si.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, eu antes de dar palabra a Miguel, a... non pediches... pareceume, entón. E... simplemente aclarar unha cuestión, porque é verdade que pois hoxe estivo o Xerente da Área Sanitaria aquí en Mugar dos vendo as obras do Centro de Saúde, e lembréille, lembréille precisamente esta cuestión, e é que seguimos sen pediatra, queremos que o servizo se volte a restaurar, tal e como estaba o servizo con anterioridade, obviamente, e dixeron que seguen buscando solucións, incluso dentro da empresa privada, para poder ter un pediatra o antes posible. Cren que se vai a poder incorporar pronto pero non mo poden asegurar. Eu dígoo porque esas son as novas que me dixo hoxe, se vale como nova, quero dicir, eu non teño nada que ocultar, xa o dixen aquí, e polo tanto si vós queredes volver a ter unha reunión para que vos diga o que vos dixen eu non teño ningún inconveniente en volver alí, pero creo que as novas, salvo que as haxa, eu obviamente, si as sei vounas a poñer en coñecemento da corporación, pero que imos, que eu acepto o que diga a corporación, se queredes ir a unha reunión pois vaíse á reunión.

Sra. González Lorenzo: Pola nosa parte cremos que si, que manter esa presión de que se solucione é bo, e que no-lo volva a contar ou que nos conte como se está cubrindo o resto da... da área.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno. Nós entendemos que todo o que sexa reunirse a nivel institucional, e neste caso co Xerente da Área Sanitaria, para que nos aclare, a parte do que lle

poida explicar ao goberno, que entendo perfectamente que seguramente que o goberno pois teña un diálogo máis fluído que non ten coa oposición, pero si é certo que nós tamén queríamos saber de primeira man que é o que vai a suceder co servizo de pediatría.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, moi ben. E... Abrimos un segundo turno si queredes. Palabras... Pois José Ángel.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Non, simplemente dicir que efectivamente nós tamén queremos, gustaríanos saber primeiro cal é o planning do mes de marzo, se vai a haber pediatra que días vai a haber. E sobre todo pois das consultas que fixemos alí os voceiros pois saber si efectivamente se fixo algo, que pedíramos que se dese máis información, que estivese máis accesible através da páxina web tamén... entón deberíamos de facer un seguemento, entendo eu.

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, referente á moción, bueno, finalmente de todo o que se falou na moción falouse principalmente do último apartado ¿non?, que é o apartado que nos corresponde a todos, que é o tema de aquí de Mugardos, que é a ausencia de pediatra. O goberno xa manifestou que vaise a poñer do lado dos pais e nais, como sempre fixo, e que vai a... aquí xa se quedou nesa segunda reunión, e por parte do Grupo Popular asistiremos tamén a esa reunión se non é a través de min irá o propio Alcalde. Referente tamén... tamén o tema da moción, analizada na súa totalidade, todo é en función da interpretación de cada un; ou sexa, é unha moción que se presenta, entendo que hai unhas eleccións autonómicas, España é o terceiro país do mundo en calidade sanitaria, e Galicia é a Comunidade que está liderando España, son datos que están publicados en medios oficiais... entón, ¿todo é mellorable?, si, por suposto, todo é mellorable, hai moitas cousas que mellorar, pero penso que agora mesmo aquí o que se está a tratar en Mugardos é o tema do pediatra, que é onde temos que ter unidade. ¿Cal é o problema que nos atopamos nós nesta moción?. Nesta moción o problema que nós atopamos é que dos puntos do un ao oito cada un ten a súa opinión, cada un pode ver a sanidade dunha forma, doutra, e ten o seu propio discurso. Pero onde si que eu penso que é un punto de unión de todos os que formamos esta corporación é a necesidade de dotar a Mugardos de... do pediatra que lle corresponde. Entón, nós pediríamos, se fora posible, a retirada dos puntos que non falan de Mugardos, que non falan do tema de pediatría, que serían do un ao oito. Se iso se retira e centramos a moción en recuperar ese pediatra para aquí, para Mugardos, nós o apoiariamos; senón xa o dicimos, e entendemos que veñen aí as eleccións autonómicas, de feito na propia moción todavía veñen recollidos os puntos onde se pon o nome dos concellos a onde se mandan estas mocions enlatadas, entón nese aspecto o punto de unión que ten o goberno con esta moción é o de reclamar o pediatra que lle corresponde a Mugardos. Asistiremos ás reunións, estaremos ao carón dos pais e das nais, como non podería ser doutra forma, porque moitos dos membros do noso goberno utilizan ese pediatra para fillos e irmáns, entón como non podía ser doutra forma nese sentido, estaremos unidos; no outro, como ben dixen antes, pois cada partido e cada un de nós ten o seu propio criterio e ten a súa propia opinión.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois... Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, indubidablemente non imos a retirar ningún dos puntos, máis que nada porque bueno, cada un poderá ter a súa interpretación de como funciona a sanidade, pero creo que a maioría dos que estamos aquí entendemos que a sanidade dun tempo a esta parte ten un grave deterioro. E despois por outro lado falar de que están aí as eleccións autonómicas, quero recordar que esta moción intentou presentarse nunha xunta de voceiros do mes de febreiro, cando aínda non estaban convocadas as eleccións, e non foi posible porque bueno, porque cambiouse o sistema de tal, e intentou presentarse nese mesmo mes de febreiro pola vía da urxencia ao Pleno Ordinario e o Partido Popular votou en contra desa urxencia e non saiu para adiante coa maioría necesaria. Entón eu creo que isto non é algo que... unha moción que se presente porque están aí as eleccións autonómicas, que creo que lle correspondían no mes de setembro ou outubro, e se houbo un adiamento foi un adiamento posterior ao intento de presentación desta moción. Polo tanto, digo, vamos a manter a moción así como a temos.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois e... agotado xa o turno de intervencións, pois pasamos á votación. Pois votos a favor da moción, votos en contra, abstencións xa non queda ninguén.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-SON EN COMÚN SOBRE APROBACIÓN DUN REGULAMENTO PARA A CELEBRACIÓN DE CEREMONIAS DE DECLARACIÓN CIVIL DE CIDADANÍA, BODA CIVIL E FUNERAL CIVIL.

Sr. Alcalde: Bueno, pois pasamos ao punto oito, moción do Grupo Municipal de EU-SON En Común sobre aprobación dun regulamento para a celebración de ceremonias de declaración civil de cidadanía, boda civil e funeral civil. Ten a palabra a poñente da moción. O poñente, si, si, perdón.

Sr. Martínez González: Esta moción que presentamos hoxe aquí pois nace do desexo que a cidadanía do noso concello expresou de que se fose prestado este servizo de declaración civil de cidadanía, boda civil e tamén de funeral civil. Todos eles son dereitos que están recollidos na nosa lexislación, na propia Constitución tamén, e que debemos de garantir que cada persoa, independentemente das súas ideas ou conviccións, pois poida elixir. Para isto esta moción acorda instar ó goberno municipal a iniciar o expediente correspondente para a aprobación dun regulamento no que se recolla o dereito a celebrar as ceremonias de Declaración Civil de Cidadanía, Boda Civil e Funeral Civil.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois abrimos un primeiro turno. Palabras. Gemino... só Gemino no primeiro turno. Bueno, pois comezamos entón. Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, dicir que o BNG por suposto vai a apoiar esta moción porque entende que o Concello debe de garantir a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto das persoas. E para isto ten que ofrecer a posibilidade de levar a cabo unha cerimonia digna e persoal para todas aquelas persoas que escollen vivir sen a relixión. E creo que o Concello ten a obriga de dar resposta a esta necesidade, que é cada vez máis demandada, e teno que facer a

través da regulación destes actos de celebración para tódalas persoas que compoñen a sociedade e así o demanden.

Sr. Alcalde (que traducido di): Pois abrimos un segundo turno si hai palabras... Miguel entón, pois Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si. Vale. Nós referente a esta moción hai varias cousas que... pois que... vouvos ser sinceiro, hai cousas que non entendemos. Entón e... vounas intentar explicar e rogaría si se me poden aclarar. Trátase dunha declaración civil de cidadanía, que é o que ven substituíndo ao bautizo que ocorre no ámbito relixioso, á boda civil, que xa está recollida no ordenamento, no Código Civil, e o funeral civil, entendo que... non sei o que é un funeral civil. Me refiro que un funeral é un funeral, é o que decide a familia, e queda no eido da familia a celebración dese... non fai falla facer misa para... para facer un funeral. Conste que, é dicir, ou sexa, nós non estamos en contra, vaia isto por diante, de facer esta serie de regulamentos e de regular esta serie de actuacións, de feito a boda civil está regulada porque... porque se fixo neste mesmo Salón de Plenos, e... de feito, bueno, toda esta serie de cerimoniais que se propoñen veñen do ámbito relixioso, ou sexa, hai unha cousa que teño aquí apuntada, se me desculpades, esta moción tamén nace da vontade da cidadanía... bueno, isto ven dun escrito que se presentou por rexistro en verán... antes do verán de 2019, pasaron oito meses, nos que se puido ter feito algo cando se estaba no goberno, digo eu, antes de traelo como unha moción. Entón, referente ao tema deste e... nós, creo, xa digo, non estamos en contra, cremos que este é un tema igual para falar en comisión, para debullar máis de... máis de... máis polo miúdo, sobre todo para aclarar o tema do funeral civil, que papel figura o Concello, porque temos outro problema, para un funeral civil entendo que fai falta un cemiterio civil... entón... porque se ten que ser... creo que igual o Concello tense que dotar dunha serie de infraestruturas que actualmente non hai. Entón nós o que solicitamos é si é posible que este tema non se fale aquí no Pleno, xa digo, non estamos en contra, senón que se fale na... nunha comisión, e falalo e explícalo máis polo miúdo.

Sr. Alcalde (que traducido di): ¿Queres pechar?. Si.

Sr. Martínez González: Si bueno, quería aclararlle unha cousa. Sobre a boda civil que di o portavoz do PP regulada non está, temos unha ordenanza fiscal pero non está regulada. E eu creo que os termos de declaración civil e de funeral civil son máis que entendibles e non hai porque... eu entendo a posición do PP, de querer sempre relacionar todos estes termos e os nosos dereitos e liberdades co... co seu ideario, e polo tanto si se incorpora á seguinte comisión de facenda, persoal e participación cidadá pois aceptamos.

Sr. Mahía Prados: Bueno, me di a presidenta da comisión, e eu como delegado, si, sin problema, ou sexa, o falamos na vindeira comisión de facenda.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, eu... eu de tódolos xeitos entendo que as bodas civís xa están reguladas ¿eh?. De tódalas maneiras. Home, o dereito civil regula as bodas civís, e de feito fanse neste Concello, digo eu que será un regulamento o dereito civil... ¿eh?, non, bueno, pero está ben en todo caso... en todo caso... eu creo que mellor o discutimos todo isto en comisión...

Sra. Díaz Otero (que traducido di): A ver e... perdón, só por unha cuestión. Porque é verdade o que di Miguel, o escrito está de antes do verán, de feito é un tema que xa se iniciara, porque se miraran varias modificacións, e entre outras hai que incorporar un regulamento para as bodas civiles do Concello de Mugarbos, dado que só existe a ordenanza fiscal.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, en todo caso falámolo en comisión, polo miúdo.... non, bueno, bueno, supoño que o incluírades por algún motivo. Bueno, se fala de xeito moito máis polo miúdo na comisión, entón con ese compromiso de levalo á comisión para darlle un toque, pois en todo caso... pasamos á votación entón. Ah... retírase, retírase a moción, perfecto, retírase a moción para... con ese compromiso de levala á comisión correspondente.

En consecuencia, retírase a presente moción da orde do día, co compromiso de que o presente asunto sexa levado á comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá.

9.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 96/2020, 101/2020, 110/2020 E 114/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos a ese punto noveno que é dar conta das resolucións da alcaldía números 96/2020, 101/2020, 110/2020 e 114/2020.

O Pleno da Corporación dase por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 96/2020, de 03.02.2020**, sobre cese e nomeamento das representantes nos consellos escolares dos centros educativos.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 101/2020, de 04.02.2020**, sobre modificación da hora de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 06.02.2020.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 110/2020, de 05.02.2020**, sobre delegación da presidencia da comisión informativa de urbanismo, rehabilitación e mobilidade e da Xunta de Goberno Local do día 06.02.2020.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 114/2020, de 06.02.2020**, sobre delegación de competencias nos membros da corporación municipal.

10.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚMS. 67/2020 Á 173/2020, AMBAS INCLUSIVE.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, punto décimo, dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario. Resolucións números 67 á 173 ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núms. 67/2020 á 173/2020, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polo concelleiro delegado de facenda persoal e participación cidadá dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, antes de pasar a rogos e preguntas hai... creo que hai algún asunto para sometelo a urxencia. Se algún grupo máis ten algunha cuestión. E... Miguel.

A.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 4/2020.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, ah... onte, pola mañán, martes, celebrouse unha comisión extraordinaria para ditaminar a... un recoñecemento extraxudicial de crédito, valorado en 207.000 euros, para... bueno, e... o abono de facturas pendentes. O motivo da urxencia é que dentro dese REC van facturas de servizos como son o internet do Concello, a telefonía, Correos, Obradoiro de Emprego, e son facturas que bueno, pois os provedores nos están achuchando para que paguemos, senón no caso da... do Obradoiro, pois por exemplo non entraría para xustificar esas facturas, no servizo de Correos temos de prazo ata mediados de marzo, a máis tardar para regularizalo, Vodafone xa fixo un amago de intento de corte de liña nalgúns puntos. Entón o motivo da urxencia é motivado principalmente porque urxe pagar estas facturas.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, algo sobre a urxencia. Nada. Bueno, pois entón votamos... votamos a urxencia, de acordo. Votos a favor da urxencia, bueno, por unanimidade.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: “**RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 4/2020**” incluído na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 11.

11.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 4/2020.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois entramos no contido da proposta.

Sr. Mahía Prados: Grazas. Bueno, como xa se comentou na comisión, o principal problema, e como avancei fai un anaco, era iso, o pago de facturas, son facturas que están

conformadas, están listas para a aprobación, que conteñen o informe favorable da intervención co reparo suspensivo que ten que levantar o Pleno, que é precisamente a aprobación deste REC e pola miña parte nada máis.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois entón abrimos un primeiro turno de intervencións. ¿Palabras?. Non hai palabras. Bueno, pois se non hai palabras pasamos a votar. Bueno, pois votos a favor, abstencións.

De seguido, sométese a votación a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº. 4/2020, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 21.02.2020 e o informe emitido pola intervención municipal, obrantes no expediente, e tendo en conta, así mesmo, o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 25.02.2020, por 12 votos a favor (5 PP, 4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), **ACORDA:**

Primeiro.- Levantar o reparo formulado pola intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afecta a relación contable de facturas F/2020/8 que comenzan co número de rexistro contable 2019/2208 a nome de PINGOTA COMUNICACIÓN SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA, por importe de 728,42 euros e remata co número de rexistro contable de factura 2020/250 a nome de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U por importe de 1.797,44 euros.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 4/2020 por importe bruto total de 207.113,84 euros. Os gastos correspondentes están incluídos na relación contable de facturas F/2020/8 e, imputaránse aos créditos das partidas do orzamento vixente.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas que se relacionan no expediente e que comenza co número de rexistro contable 2019/2208 a nome de PINGOTA COMUNICACIÓN SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA por importe de 728,42 e remata co número de rexistro contable de factura 2020/250 a nome de VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., por importe de 1.797,44 euros.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos entón ao punto número once, que é rogos e preguntas. ¿Eh?. Si, si. Bueno, pasamos primeiro polos rogos, se algún concelleiro ou concelleira ten algún rogo... si, Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu teño dous rogos, van no mesmo sentido, senón despois pásovos os números, son correspondentes a resolucións. Unha é un rogo en canto á adxudicación de contratos, é a adxudicación de diferentes contratos, e en todos, tanto no

seguinte rogo tamén, o que vou a rogar é que o expediente correspondente pase á comisión correspondente en función de cada un. Se queredes douvos os números para non ir dicindo todo o texto, é o decreto número 27, estou no capítulo de adxudicacións ¿vale?, de contratos, o 84, o 158, 149, o 127, 163, o 157, o 156, o 138, o 83, o 82. ¿Dígovos xa no mesmo rogo o de solicitudes de subvencións?. Así xa non fago dous. Serían os correspondentes ao decreto 170, ao decreto 126, ao 123 e ao 81.

Sr. Alcalde: ¿81?

Sra. Díaz Otero: Si.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois pasamos ás preguntas. Bueno, a primeira pregunta é José Ángel Martínez Bardanca.

Sr. Martínez Bardanca (que traducido di): Bueno, ao fío de todo o que se estivo facendo nestes días no peirao, que se retirou o valo que había no peirao e tamén pois agora pois comezarase, seguramente, como anunciou o goberno municipal, a cambiar as... o alumeado, para led, quería saber si se van a engadir tamén os traballos de limpeza, de remover a area da Praia da Bestarruza, como xa o pedimos tamén nalgunha comisión anterior e como... cando estábamos nós no goberno se nos pedirá tamén que era unha necesidade importante de cara a este verán, e se teñen pensado a parte disto facer algún traballo máis no peirao, algunha pois... algunha obra máis no peirao. E logo unha segunda pregunta, nada, iso, bueno, se tiñan previsto, a parte do movemento da area, algunha acción no peirao para o verán, para preparalo para o verán.

Sr. Alcalde (que traducido di): Eu porque algunha xestión fixen, pero contesta o que poidas e logo eu complemento.

Sr. Kuntz Peiteado (que traducido di): Respondo eu entón, grazas. Mira, eh... en canto a primeira pregunta, a da area da Bestarruza, fíxose xa unha petición a Costas para a provisión de area, e en canto chegue o persoal de praias procederáse á limpeza e ao acondicionamento do areal. E logo no referente á actuación no peirao, si, se vai a facer un mantemento de eliminación de verdín, aínda quedan por substituír algunhas táboas que nunha segunda inspección viuse que están moi pulidas, e ademais se prevé dar un tratamento antideslizante de verniz.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois non vou a complementar porque está moi ben respondida. Vale, pois seguinte entón, Ignacio Fernández.

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): Boas tardes a todos e a todas. Fomos aprobando ultimamente unha serie de REC's, dende o 1 ata o 4 que foi aprobado hoxe, por uns importes xa de por si considerables de facturas de exercicios anteriores. A miña pregunta é, ¿a canto ascenden actualmente as débedas pendentes aínda de pagamento e que non foron incluídas nestes REC's?

Sr. Alcalde: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Bueno, e... do 1.804.647 euros que había a día 10 de... bueno, no mes de decembro de 2019, cos REC's que comentabas, pagouse un total de 365.320,04 euros, a débeda con Augas de Galicia de 334.000 euros, e o primeiro abono da débeda de Ares de 57.000 euros, aprox. Entón nestes meses realizamos uns pagos de 756.320 euros, xa contando co REC que se aprobou hoxe. Pendentes, ¿que quedaría?, facturas pendentes por conformar do ano 2019, quedan todavía 224.063,50 euros; facturas rexistradas no 2020, pendentes de conformar, 88.393,57 euros; certificacións de obra pendentes de pago, que é quizáis o máis gordo, 303.870 euros, quedarían tamén por aboar as... ao persoal 120.000 das... do GES, do persoal do GES; e o restante coa débeda de Ares, que serían 312.000 euros. Aproximadamente, entón a 1.048.000 euros, para liquidar tódolos... as obrigas pendentes de pago que temos aquí no... recollidas.

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): Perdón, dado o importe do que estamos falando, ¿Como pensa afrontar o pagamento?, ¿Que plan ten?.

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, a nosa intención é, en primeiro lugar, xa estamos traballando nun... noutro REC, vaia a redundancia, recoñezo que é unha figura extraordinaria e que non se ten que abusar dela, pero é que as contías son elevadas. En principio a nosa intención é intentar preparar un REC antes de que remate esta semana con facturas que xa hoxe conformei... se conformaron hoxe; tamén agradecer á exalcaldesa que conformara as que faltaban tamén, que siga nese aspecto axudando a cumprimentar este pago a provedores, cumprindo coa responsabilidade. Entón, no primeiro... a nosa intención é en marzo, senón a totalidade dos pagos a provedores, destas facturas pendentes de conformar, de 224.000, e as 88.000 deste ano que entraron, unha parte importante delas tamen xa telas liquidadas no mes de marzo. As horas extra do persoal así como a débeda con Ares, creo que son contías importantes, que van a ter que ir con cargos aos orzamentos do 2020, non hai outra solución que puidéramos atopar, e as certificacións de obra, que como ben comentei é un montante importante, teñen tramitado un contrato, teñen tramitado unha serie de... bueno, hai un expediente, entón pois vaise a proceder ao pago destas tamén á maior brevedade posible. A intención do goberno é finiquitar todo o que teña que ver coas facturas antes de que finalice marzo. Deixar no primeiro trimestre deste 2020 todo xa pagado, e comezar coa elaboración dos orzamentos... comezar, bueno, hai que presentar tamén a liquidación, para saber si temos que facer un Plan Económico Financieiro, e todos os partidos, por suposto, van a estar convidados á elaboración dese orzamento do 2020, que á fin e ao cabo é... vai a ser o documento que rexa este ano o Concello.

Sr. Alcalde: Gemino.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu teño tan só unha pregunta, e é a de si o goberno municipal está en condicións de garantir a seguridade no paseo de madeira do peirao, á vista dos informes que aconsellaban o seu peche e o seu valado.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, en todo caso, a ver... eu dende logo descoñezo ese informe, polo menos non tiña conta ata que vostede presentou a pregunta, que había un

informe ao respecto, porque eu non o vin, non o vin e nas comisións correspondentes creo que nunca pasou. En todo caso sería bo, como reflexión, que calquera cousa que veña a garantir a seguridade deste paseo o lóxico e que deba de pasar pola comisión correspondente no seu día, porque entendo que a seguridade é cousa de todos, non só duns cantos. Entón, partindo desa premisa, que un informe que ten unha relevancia para este Concello pois non pasase pola comisión correspondente para dar conta a esta corporación, bueno, pois home, eu creo que deberíamos todos de ter responsabilidade en canto a estes temas. En todo caso, ao respecto desta cuestión, aquí se falou con Portos de Galicia, Portos de Galicia asumiu facer o chequeo cun informe técnico respecto aos problemas, ou supostos problemas estruturais que puidese ter o paseo do peirao, e polo tanto como aquí se dixo e aquí se xustificou, obviamente, que os problemas estruturais son cousa de Portos de Galicia, esa foi a premisa fundamental para non arranxar o paseo de madeira, en todo caso esa cuestión pois eu remítome efectivamente a que si a responsabilidade en danos estruturais é de Portos, Portos é a que vai a analizar esa cuestión cos seus técnicos e vai a elaborar o informe pertinente sobre a seguridade do paseo. En todo caso entendo que a responsabilidade do paseo, tal e como vostedes manifestaron, é de Portos, polo tanto é Portos a que ten que manifestar esa seguridade do paseo. Eu xa lles adianto que ese informe está a punto de enviarse a este Concello, porque eu preocupeime polo asunto, e a Presidenta de Portos de Galicia xa me anunciou que ese informe é favorable a que non existen danos e perigos para a estrutura do paseo de madeira. En todo caso en canto veña o informe aquí si se dará conta na comisión correspondente e levarase a esa comisión como debe de ser con tódolos informes que falen da seguridade dos nosos cidadáns. Polo tanto darémoslle a máxima transparencia a este tipo de informes, e terán vostedes, pois loxicamente, ese informe na comisión correspondente e na que poderán acceder a el perfectamente, e repito, a preocupación deste goberno foi, e será sempre garantir a seguridade dos cidadáns e por iso pedimos a Portos que faga ese traballo para que mida eses danos estruturais e esa seguridade que repito, só Portos pode garantirnos, porque non é competencia deste Concello. En todo caso e... non sei, creo que xa contestei, non sei si hai algunha cuestión que queira aclarar máis... ¿si?.

Sr. Varela Filgueiras: Si. Bueno, simplemente quero dicir que pode que... non lembro si pasou por comisión, o informe que falaba... que falaba do valado, pero si é certo que vostede será coñecedor de que hai un informe dunha empresa Lignia, que encargaron vostedes cando gobernaban, que fala das eivas da estrutura dese paseo. E supoño que si vostedes cando gobernaban o encargaron serán coñecedores dese informe, pasara ou non por comisión. E tamén é sintomático que agora o Partido Popular diga que... que eu creo que nisto si ten razón agora, cando di que é responsabilidade de Portos os problemas de infraestrutura, pero non era o que dicían en gobernos anteriores, que dicían que quen tiña tódalas competencias sobre ese paseo era o Concello. Entón alégrome de que agora que gobernan pois recoñezan que quen ten a posibilidade de amañar os problemas de infraestrutura dese paseo de madeira pois era Portos de Galicia.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, en todo caso quero aclararlles dous conceptos, e é que vostede confundiu garantir a seguridade do paseo cos danos estruturais do paseo e son dúas cousas distintas. A seguridade do paseo tamén é parte da nosa responsabilidade o seu mantemento, mantemento que nos últimos... que dende que se inaugurou ese paseo por aló

polo ano 2003 podemos contar cos dedos dunha man, e quédome case con algún dedo de sobra, para saber cantos mantementos tivo ese paseo. En todo caso iso sería unha cuestión, o mantemento tamén é seguridade, e tal e como expuxo aquí o concelleiro de servizos, manter un bo paseo sen que esbare cun verdín inadecuado tamén garante a seguridade dos cidadáns, porque tamén, obviamente, poden esbarar e poden romper unha perna, como xa aconteceu nalgún caso. En todo caso, eu o único que estou recoñecendo é que tamén a falta de mantemento progresivo durante os últimos anos dun mantemento global, tamén son fallos de seguridade, porque obviamente hai que derlle pois eses... eses, bueno, eses mantementos mínimos para que o paseo pois tamén teña unhas condicións de seguridade. Iso é o que quixen dicir, e non sei si me expliquei ben, pero en todo caso é o que dixen. Bueno, e... Dolores González.

Sra. González Lorenzo: Si, dúas preguntas de resposta oral. Á concelleira Begoña Roldós, ¿unha vez confirmado que o goberno municipal rexeita seguir colaborando co Concello de Narón na organización do Festival Folklórico Internacional, podería indicarnos si manterá a colaboración co Concello de Ferrol para celebrar unha nova edición de Jazz de Ría?.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): Boas tardes a todos e todas. E... bueno, o goberno reuniuse, valorou facer un programa no que estamos traballando de actividades culturais noas que non entra o Jazz na Ría.

Sra. González Lorenzo: Ben. Segunda pregunta, agradecendo de antemán as actividades realizadas pola Asociación Cultural Apelón Educación no Día de Rosalía, lembramos que o Pleno, en 23 de febreiro de 2018, aprobaba: Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso Concello. Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o seu protagonismo. Este acordo plenario nos últimos anos foi ampliando o seu contido a raíz da publicación, por exemplo, da obra Rosalía no Seixo e a colaboración coa Fundación de Rosalía de Castro. ¿Podería indicarnos por que o Concello renunciou ó cumprimento da moción e non ter unha actividade propia?.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): Bueno, en primeiro lugar o Concello, o goberno neste caso, non renunciou a nada. E en segundo lugar pareceunos que Apelón Educación realizou un traballo excelente e en colaboración co Concello, como ven recollido tamén no seu convenio, e como se recollerá tamén no convenio que se asine no ano 2020.

Sra. González Lorenzo: A pregunta eu penso que é bastante clara, non houbo lectura continuada dos versos de Rosalía... non houbo ningún acto, ademais do que fixo Apelón Educación. E ¿por que?, pregunto.

Sra. Roldós Iglesias (que traducido di): Repito que dentro do convenio de Apelón Educación están as actividades co Concello, en colaboración co Concello, para o Día de

Rosalía, e ademais realizáronse actividades moito máis cercanas para dar a coñecer a obra de Rosalía aos escolares, que ao mellor só a mera lectura dos versos da autora.

Sr. Alcalde: Genaro.

Sr. Prieto Iglesias: Dúas preguntas para o concelleiro Miguel Mahía. Despois da aprobación dos REC's, ¿podería indicarnos si o goberno tivo que solicitar créditos para poder abonar as facturas?. ¿Fago a segunda?.

Sr. Mahía Prados: ¿Respóndoches?. Grazas. Vale, e... segundo o recollido no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no que se regula o funcionamento de facendas locais, os artigos 177.2 e 177.5, sobre créditos extraordinarios establécese que diferentes créditos extraordinarios e os suplementos de crédito haberán de ser previamente informados pola intervención, someterase á aprobación do Pleno da Corporación, con suxección aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Así mesmo... Estou respondendo...

Sr. Alcalde (que traducido di): A ver, Genaro, fixo unha pregunta e o concelleiro... si, quedou clara a pregunta. Pero imos ver, vostede fixo a pregunta e ninguén lle dixo como ten que facer a pregunta, ¿por que ten que dicir vostede como ten que contestar un concelleiro?. Deixe vostede que conteste o que queira contestar... non, non preguntou, vostede fai unha pregunta e el pode contestar o que considera axeitado.

Sr. Prieto Iglesias: ¿Podería indicarnos si o goberno tivo que solicitar créditos para abonar estas facturas?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois está argumentando a súa resposta.

Sr. Prieto Iglesias (que traducido di): ¿Solicitouno ou non o solicitou?.

Sr. Alcalde (que traducido di): Imos ver, é que... é que... vostede fai unha pregunta, e o xeito en que conteste a persoa aludida terá dereito a contestar como queira. Só faltaba que agora digamos o que ten que preguntar ou responder cada un.

Sr. Mahía Prados: Sigo... sigo coa explicación da resposta, estou respostando á pregunta, se quere... se non o entende, cando lea a acta vai a entender o motivo. Volvendo ao artigo 177, establécese no seu apartado quinto que excepcionalmente por acordos adoptados polo quórum establecido polo artigo 47.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, consideraranse recursos efectivamente dispoñibles para financiar novos ou maiores gastos, por operacións correntes, que expresamente sexan declarados necesarios e urxentes, os procedementos de operacións de crédito, que precisamente isto é o que vostede pregunta, en que se dean conxuntamente coas seguintes condicións: Que o seu importe total anual non supere o cinco por cento dos recursos de operacións correntes do orzamento da entidade. Que a carga financeira total da entidade, incluída a derivada das operacións proxectadas, non supere o 25 por cento dos expresados recursos. E que as operacións queden canceladas antes de que se proceda á renovación da Corporación. E polo tanto, en base a isto último, e por todo o que anteriormente lle acabo de

respostar, e en base tamén á súa condición de concelleiro deste Pleno vostede xa tería que saber si se aprobou ou non se aprobou.

Sr. Prieto Iglesias: ¿Solicitaches ou non solicitaches?.

Sr. Mahía Prados: En base á súa condición de concelleiro deste Pleno debería de saber a resposta a esa pregunta.

Sr. Prieto Iglesias: Fago a segunda. ¿Podería indicarnos a canto ascende o endebedamento do Concello de Mugaros por operacións de crédito para abonar facturas correspondentes ós gastos de funcionamento do Concello e cando está previsto que finalice a súa amortización?.

Sr. Mahía Prados: Bueno, a primeira parte da pregunta, referente a canto queda do... foi parcialmente respostada pola resposta que lle din ao concelleiro do PSOE, Ignacio Fernández, no cal se explica pois cal é a situación actual do Concello. E segundo, referente a cando finaliza a amortización e... ¿activa ou pasiva?.

Sr. Prieto Iglesias: ¿Cal finalizache?, ¿a activa ou a pasiva?.

Sr. Mahía Prados: A ver, isto non é para tomarse a guasa. Cando un fai unha pregunta acerca da facenda local, a intenta facer o máis axeitada posible, porque non é o mesmo preguntar por unha amortización activa, que é da depreciación dun ben, que por unha amortización faci... pasiva, que é unha obriga composta polo capital e bo proveito... Entón, cando formule as preguntas rogaríalle que as fixera mellor orientadas.

Sr. Prieto Iglesias: Xa debe de ser a terceira ou cuarta vez que me corrixe as escrituras. A contestación era soamente si ou non, cousas que non fas. O sinto por ti.

Sr. Mahía Prado: A contestación é a que che din e a podes consultar cando teñas a acta do Pleno.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pasamos á seguinte pregunta. Iván Martínez.

Sr. Martínez González: Si, eu teño dúas preguntas de resposta oral, para o concelleiro Miguel Mahía. A primeira é, a acta de arqueo asinada pola interventora, a alcaldesa saínte e o alcalde entrante non foi aportada nas diferentes Comisións Informativas de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. ¿Podería indicarnos si o resultado final da acta de arqueo efectuada o día 9 de novembro... de decembro, perdón, de 2019, un día antes da celebración do Pleno no que se aprobou a moción de censura, ascende a 3.111.607,70 euros?.

Sr. Mahía Prados: O día 9 de decembro non se firmou ningún acta de arqueo.

Sr. Martínez González: ¿Entón o seu Alcalde que firmou ese día?.

Sr. Mahía Prados: Ese día, 9 de decembro, Juan Domingo de Deus non era Alcalde de Mugar dos.

Sr. Martínez González: Moi ben. Pregunta tamén para o concelleiro Miguel Mahía. O 24 de maio de 2016 o Alcalde actual, na súa condición de Alcalde, recibía do Director de Augas de Galicia, Roberto Rodríguez, a comunicación do ingreso pendente polo Concello de Mugar dos da parte correspondente ó 50% do convenio aprobado polo Consello da Xunta no ano 2008 pola obra de abastecemento en alta a Mugar dos por valor de 334.394,28. ¿Podería indicarnos si o actual goberno tivo que solicitar un crédito para pagar a débeda pendente con Augas de Galicia por ese importe ou pola contra a débeda estaba recoñecida e con cartos suficientes no Concello para pagala?.

Sr. Mahía Prados: Tal e como lle respondín ao seu compañeiro, e na súa condición de concelleiro, e en base ao Real Decreto Lexislativo do 5 de marzo, polo que se regula o funcionamento das facendas locais e onde se recolle o funcionamento dun crédito, vostede na súa condición de concelleiro debería de sabelo.

Sr. Martínez González: Pero eu quero que me diga vostede se tivo que solicitar un crédito para pagar ou estaba recoñecida e con dispoñibilidade para facelo.

Sr. Mahía Prados: Si. Eu... como bo galego gústame responder con outra pregunta. Entón, ¿o motivo de que o seu partido non pagara esta débeda mentres ostentaba a alcaldía dende agosto de 2016 ata decembro de 2019 foi porque se tiña que solicitar un crédito para pagar esta débeda?.

Sr. Martínez González: Tamén o puido pagar o seu goberno cando gobernou, dende o 2015 ao 2016, estaba recoñecida...

Sr. Mahía Prados: Se non presentaran unha moción de censura dous meses despois, o noso goberno a tería pagado, e por iso mesmo nós, aos dous meses de estar na Alcaldía, liquidamos esta débeda que tiña o Concello de Mugar dos.

Sr. Alcalde (que traducido di): Bueno, pois non habendo máis preguntas levántase a sesión.

E sendo as vinte horas e cincuenta minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE